

Campaña Ilumina o teu sorriso

BASES TÉCNICAS

1.- OBXETIVO

Xuntanza de Empresarios de Ames – XEA e a organizadora da campaña “**ILUMINA O TEU SORRISO**”, participando como colaboradores o **Concello de Ames**, “**Centro Dental Macia**”. O obxectivo da campaña é fomentar o achegamento da cidadanía as rúas mais comerciais do Concello de Ames.

2.- PARTICIPANTES

Poden participar neste certame todas as persoas residentes en España maiores de 18 anos, con independencia do seu lugar de orixe.

As fotografías serán orixinais e inéditas, presentando cada participante dúas fotografías de calquera dos seis lugares predeterminados. Soamente se permitira unha participación por persoa.

A inscrición é gratuíta.

Os participantes aceptan as bases do concurso ao presentar as súas fotografías.

3.- TEMA

As persoas gañadoras deberán presentar dúas fotografía dos seis lugares predeterminados. Soamente se permitira unha participación por persoa.

Poden ser realizadas con **calquera tipo de técnica e estilo**, e realizaranse dentro dos seis enclaves que a continuación se detallan:

1. **Praza do Concello** (BERTAMIRÁNS): Unha fotografía na que apareza o logo do Concello de Ames.

2. **Praza da Maía** (BERTAMIRÁNS): Unha fotografía na que apareza o elemento luminoso coa numeración 2023.

3. **Praza da Madalena** (O MILLADOIRO): Unha fotografía na que apareza a bola xigante luminosa

4. **Aparcamiento Supercor** (O MILLADOIRO): Unha fotografía na que apareza a árbore luminosa de 15 metros.

4.- PRESENTACIÓN DAS OBRAS

Permitirase unha participación por persoa, que deberá ser enviada xunto co seu número de teléfono, e os seus datos persoais á dirección de correo electrónico amesnarua@gmail.com. As persoas participantes prestan o seu consentimento para que as composicións enviadas sexan expostas no instagram e facebook @amesnarua baixo o hashtag #iluminaoteusorriso22 e #amesnarua.

Do mesmo xeito, Xuntanza de Empresarios de Ames-XEA resérvanse o dereito a elaborar unha exposición fotográfica coas composicións que participen. As persoas participantes son os responsables das autorizacións pertinentes respecto das persoas que aparezan nas fotografías.

É imprescindible que as fotografías enviadas vaian identificadas cos datos do autor: Nome, apelidos, data de nacemento, dirección e teléfono de contacto

(preferiblemente móbil), e o texto autorizo aos organizadores a difusión das fotografías enviadas segundo as bases do sorteo.

Xuntanza de Empresarios de Ames - XEA non gardarán nin utilizarán os datos persoais de ningún dos participantes, salvo os necesarios para identificar a persoa premiada.

Plazo de entrega

- Inicio: 12 de decembro 2022.
- fin: 07 de xaneiro de 2023.

5.- LIMITACIÓNS TÉCNICAS

Non se aceptarán imaxes que non reúnan un mínimo de calidade ou con contidos contrarios á legalidade vixente.

As fotografías serán realizadas acorde ó dereito á propia imaxe, complementario ó dereito á intimidade. Este dereito garante a protección do que se consideran as **cualidades definitorias** dunha persoa: imaxe física, voz e nome.

As fotografías nas que aparezan persoas reconecibles deberán ir acompañadas dunha carta firmada por ditas persoas autorizando o uso da súa imaxe.

As Asociacións de empresarios resérvanse o dereito de veto por se algunha imaxe fose contraria á legalidade ou se mostrasen a persoas en acción pouco dignificantes.

6.- SORTEO.

A cada un dos participantes asignaráselle un número de sorteo correlativo segundo o envío ao correo electrónico facilitado.

No mes de xaneiro Xuntanza de Empresarios de Ames-XEA farán un sorteo dixital para coñecer as persoas premiadas. Os tres primeiros números que resulte do sorteo será as persoas gañadoras dos premios, sortearanse dous números máis que corresponderán ao primeiro e ao segundo suplente.

No caso de que por calquera circunstancia non se puidera contactar coas persoas gañadoras nun prazo de 3 días hábiles, o premio será adxudicado ás persoas asignadas como suplentes.

A persoa que teñas o primeiro número gañadora recibirá un teléfono móbil **Samsung Galaxy A13 64 GB**, doado por o “**Centro Dental Macia**”.

As persoas que teñas o segundo e terceiro número recibirán un cheque valorado por 100 € cada unha para gastar no comercio local, doado por **Xuntanza de Empresarios de Ames -XEA**

7.- LICENCIA

Todos as persoas participantes outorgan a Xuntanza de Empresarios de Ames - XEA unha licenza suficiente sobre os dereitos de reprodución, publicación, distribución, transformación, comunicación pública e posta a disposición da súa obra.

O participante manifesta e garante ser o único titular de todos os dereitos de autor da fotografía que presenta ao sorteo e se responsabiliza totalmente de toda a reclamación fronte a terceiros derivada do incumprimento da citada garantía.

En Ames, a 12 de decembro de 2022.